

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2021

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as trece horas e vintetrés minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

María Jesús García Souto (PP).

Ángel López Fidalgo (PP).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS +2021.

Dase lectura a proposta da alcaldía de data 29 de xaneiro de 2021 que literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA
EXPEDIENTE:2021/A003/000003

Asunto: Adhesión ao Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos e competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2021” da Deputación Provincial de Coruña

O 27.11.2020 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases que rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”

O Concello de Sobrado ten asignadas as seguintes achegas:

- Achega provincial 2020: 186.103,66 €
- Achega provincial 2021: 214.263,61 €

Así mesmo, existe dotación para o desenvolvemento do Plan Complementario para realizar investimentos financeiramente sostibles por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles no POS + 2021, e se recomenda que os concellos soliciten un importe maior.

Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores		5014,18	5014,18
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores		5014,18	5014,18

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	214263,61
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2021			

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Rede de saneamento no lugar de Outeiro, Porta	25724,03	16074,72	41798,75
Renovación de beirarrúas e servizos nas Cruces	155365,45		155365,45
Subtotal investimentos achega provincial 2020	181089,48	16074,7 2	197164,2

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	5.014,18		5014,18
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	214.263,61		214263,61
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	181.089,48	16074,7 2	197164,2

D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021			
TOTAL	Achega 2021	214263,61		214263,61
	Achega 2020	186103,66	16074,7 2	202178,38
	Préstamo 2021			
	TOTAL	400367,27	16074,7 2	416441,99

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora da capa de rodadura da estrada de Paraños (DP8001) a Cruce Sabugueira	109.348,85
Mellora da capa de rodadura dos camiños de Ramil-Sobrado	34.655,88
Pavimentación do camiño de Casanova-Sobrado	42877,91
Mellora da capa de rodadura do camiño de Barcioi-Sobrado	37.138,89
Mellora da capa de rodadura do camiño de Orxás - Sobrado	41127,86
Pavimentación de camiños en Mosqueiros e Ciadella-Sobrado	30011,55
Rede de saneamento no lugar de Castro (Porta)	35301,96
Mellora de firme en Castro do Seixo, Cotarón, Piñeiro e Folgoso-Castro	126314,22
TOTAIS	45677 7,12

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras

Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Ábrese o turno de intervencións polo sr.alcalde que explica a proposta e engande que tamén se asignou a cantidade de 51.015,14 € en concepto de préstamo provincial 2021 pero que non nos podemos acoller este ano porque é requisito ter débedas. Explica tamén que no pago a provedores van dúas facturas por importe de 5.014,18 € non pagadas anteriores ao 30 de xuño de 2020 e que son unha de compra dun xerador e outra duns columpios e gomas de protección para o colexio.

Enumera as obras incluídas no Plan complementario que teñen que ser como mínimo un 50% da achega provincial.

Intervén M^o Jesús García Souto preguntando en que consisten as pavimentacións previstas.

Responde o sr. alcalde que van con aglomerado, nalgúns casos con 3 cm e noutros con 5 cm dependendo do estado das pistas.

Intevén M^a Jesús García Souto e sinala que non lles sorprende xa que nos últimos anos se debería haber feito un mantemento das vías máis continuado para evitar o deterioro das pistas o que evitaría invertir agora esa cantidade de diñeiro en asfaltado de pistas cando existen outras necesidades no concello. Que facendo un mantemento correcto poderíase destinar a cantidade do Plan Complementario a outras cousas máis necesarias como mellora do saneamento, mellora da rede de abastecemento de augas na que se precisa unha inversión importante para que dito servizo fora o adecuado e respondese ás necesidades dos veciños.

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Juan Vicente Aller Penas.

Rematado o debate procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Juan Vicente Aller Penas, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra(0):

Abstencións (2): M^a Jesús Souto García (PP) e López Fidalgo (PP).

Quedando polo tanto aprobada a proposta da alcaldía.

2.-APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO POS+ ADICIONAL 1/2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021.

Dase lectura a proposta da alcaldía de data 29 de xaneiro de 2021 que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE:2020/A003/000007

Asunto:Adhesión ao POS+ADICIONAL 1/2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021.

O 27.11.2020 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases que rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”.Xunto co POS+2021 regulase simultaneamente un POS+ ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

O Concello de Sobrado ten asignada a seguinte achega: 129.856,73 €

Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte ACORDO:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2021”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe)

			solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
<p>a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.</p> <p>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)</p>			
<p>b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.</p>	58856,73		58856,73
<p>c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas</p>			

por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	56000		56000
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos	10000		10000

servizos sociais.			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	5000		5000
TOTAL	129856,73		129856,73

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Ábrese o turno de intervencións polo sr.alcalde que explica que este Plan é novo e non se sabe se o concederán mais anos. Explica o destino das contías e que se deixan 5.000,00 € para medidas que haxa que adoptar derivadas do Covid 19.

Intervén M^a Jesús García Souto e pregunta se hai moitas persoas en lista de espera.

Resposta o sr. alcalde que 12 ou 13.

Pregunta M^o Jesús García Souto se prevese que con estos 58.000,00 € se van poder cubrir.

Resposta o sr. alcalde que van a intentar cubrir con máis horas, Este é un plan que en principio só é para este ano e polo tanto hai que explicarlle ben ás persoas que pasado este ano ao mellor hai que retirar as horas.

Pregunta a sr. García que canto diñeiro se destinará a complementar as horas dos usuarios que xa dispón do servizo.

Resposta o sr. alcalde que esa cantidade é a maiores do que ten presupostado o concello.

A sr. García propón que visto que para a a prevención e adquisición de EPIS se prevé 10.000 € lle parece fundamental a formación das traballadoras sobre como usar o material de protección para poder realizar o seu traballo en condicións de seguridade e evitar así contaxiar ás persoas usuarias.

Resposta o sr .alcalde que se deixa unha partida como xa dixo para temas relacionados co COVID

A sr. García propón que se destinen á formación.

Rematado o debate procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Juan Vicente Aller PenasMagín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra(0):

Abstencións (2): M^o Jesús Souto García (PP) e López Fidalgo (PP).

Quedando polo tanto aprobada a proposta da alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:50 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE